

CRITERIOS DE CORRECCIÓN PARA O SEGUNDO EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO

O Tribunal de selección acordou, na reunión do 17 de marzo de 2022, establecer os seguintes criterios de corrección para o segundo exercicio do procedemento selectivo, exame tipo test:

- O segundo exercicio consistirá en contestar por escrito a un cuestionario de 90 preguntas tipo test, máis 5 de reserva, con tres respostas alternativas das cales só unha será a correcta, propostas polo tribunal e correspondentes ao bloque de coñecementos específicos que figura no programa que se relaciona no anexo II da convocatoria.
- O tempo para a realización deste exercicio será de 95 minutos.
- Este exercicio cualificarase de 0 a 25 puntos, e será necesario para superalo obter un mínimo de 54 preguntas correctas das 90 que conforman o exercicio, que supón unha valoración de 15 puntos.
- As preguntas incorrectas e as que figuren en branco non puntuarán negativamente.
- Recorrerase ás preguntas de reserva só se é preciso anular algunha das 90 formuladas inicialmente.

INSTRUCCIÓN XERAIS PARA A REALIZACIÓN DO EXERCICIO.

- As persoas que concorren ao proceso selectivo deberán asistir provistas dun documento oficial que permita a súa identificación : DNI, pasaporte ou permiso de conducir.
- A presenza de teléfonos móbiles ou calquera outro tipo de dispositivo electrónico que poida ser empregado para recibir asistencia no exame provocará a exclusión do proceso selectivo .
- Os membros do Tribunal son os autorizados para responder dúbidas e calquera cuestión que se suscite.
- O Tribunal emitirá un certificado de asistencia ao exercicio para quen o solicite
- Para a realización do cuestionario tipo test se precisará dun de lapis de número 2 e goma de borrar.

Aplícanse a esta proba as instrucións xerais e específicas COVID- 19 así como todas aquelas normas relacionadas coa crise sanitaria orixinada pola COVID-19 aprobadas polas autoridades competentes e que estean vixentes no momento de realización do exercicio.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

A Secretaria do Tribunal

Silvia M.Moreira Figueiras

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: SILVIA MARIA MOREIRA FIGUEIRAS, NIF ***1385**, 23/03/2022 15:01:27.

CSV: DE6C-5E03-4519-BD3D